

Profundidade de campo, Yolanda Castaño

Antía Marante Arias

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARANTE ARIAS, ANTÍA (2011 [2007]). “*Profundidade de campo, Yolanda Castaño*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 187-188. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/886>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARANTE ARIAS, ANTÍA (2007). “*Profundidade de campo, Yolanda Castaño*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 187-188.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Profundidade de campo

Yolanda Castaño

A Coruña: Espiral Maior, 2007

ANTÍA MARANTE ARIAS

No ano 2006 agromou dentro do panorama poético galego o froito dunha escolla poética anovadora e arriscada, *O libro da egoísta*. A escrita de Yolanda Castaño decidía pasearse pola poesía sustentada por piares de valores condenados e incómodos: o egocentrismo, o egoísmo e a non modestia. Catro anos despois deste proxecto xorde *Profundidade de campo*, XV Premio de Poesía Espiral Maior, fotografía crúa e chea de matices.

Nada adoita ser arbitrario, ou cando menos neste poemario non o é. O título desta proposta remítenos ao termo empregado en fotografía e óptica para referirse á zona dunha instantánea na cal a imaxe capturada é nítida. Atoparémonos, pois, ante páxinas inzadas de versos que constitúen un poemario directo cuxa lectura semellará a contemplación dunha imaxe nítida e perfectamente enfocada.

Na portada asoma unha parella de imaxes que conteñen fasquías e versos, dous momentos quizais consecutivos dunha *performance* que pretende reflexionar sobre o proceso da creación poética e da súa recepción. Trátase dun xogo visual que relembra que a escrita ou pode situarse nun primeiro plano ou de súpeto pode deixar de ser o foco de atención e reducirse a un simple trazo ilexíbel nubrado polo contexto; dous momentos fotografados que, ademais de conformar unha poesía visual, inclúen a quen contempla a realidade. É o observador quen pode escoller os elementos nos que centrar o seu interese con total liberdade, e nesta ocasión cómpre non deixarse levar por imaxes de versos desenfocados e decatarse de que a palabra pide ser lida, relida e escoitada.

Profundidade de campo artéllase arredor de cinco seccións ben diferenciadas pero complementarias. Coa

primeira delas, (*Re Ser (Vado)*), encétase o camiño da reflexión sobre o concepto da *outridade*, a ollada do outro que ora nos completa, ora nos xulga e limita. Este primeiro título que atopamos adianta que o espazo é un *reservado* só para os escollidos, que a cerna da reflexión será o propio ser individual afastado de universalidades homoxeneizadoras e que, á par da necesidade de amosarse sen negarse, latexa sempre a prohibición de forzas externas que asoballan.

Certamente, a voz destes versos reflexiona sobre o proceso de configuración da identidade do ser en termos exclusivamente femininos. Este discurso, por veces confesional e sempre irónico, adquire fondura cuns pensamentos que derivan na formulación de diferentes dúbidas do eu poético: cales son os límites? que podo agardar de min mesma? con que adxectivos podo definirme sen limitarme? Vencellada á descrición do propio eu feminino e creador aparece o concepto de beleza, *leit motiv* en maior ou menor medida de todas as seccións do poemario.

As pezas do *puzzle* do ser non encaixan harmonicamente, xa que hai forzas que limitan o avance: o pulo da proxección da identidade propia vese refreado pola vontade do recoñecemento do outro, o alleo que só queda coa peza que lle interesa sen decatarse de que observa un todo que é continente e contido a partes iguais: “Cando falei só contemplaron os meus labios”. A contemplación desta fotografía poética lévamos a unha segunda parte titulada *Highway to heaven*. Trátase dunha sorte de interludio case filmico, catro secuencias que se precipitan cara a un posíbel accidente de circulación. É nesas momentos extremos nos que se lle volve prestar atención á aparencia externa: “como quedaría a miña beleza de espiga/ tronzada e sangrante contra o cristal do parabrisas?”

A escrita desde a marxe pode ser unha opción conscientemente escollida. Este camiñar excéntrico e disidente na meirande parte dos casos é o desexábel para a creación, libre do xugo dos conformismos. O eu poético destes versos escribe, non obstante, desde outra situación. A terceira parte do poemario, *Freak of nature (Besta)*, fai referencia pois ás estirpes de incomprendidos, “fenómenos da natureza”, bonecos creados ou marionetas.

O escenario evocado da terceira parte do poemario ben pode ser un circo, un guiñol ou o país dos xoguetes. Cómpre aceptar o “*pasen e vexan*” do xefe de pista para atopar o protagonista dunha desconexión lírica e onírica, Pinoccio, o eterno neno vulnerábel. Os demais poden coñecer sempre a súa verdade, xa que non se lle concedeu o privilexio de agocharse fronte aos outros. Atopámonos cun exemplo de ser malfadado, feito para ser manipulado por fíos invisíbeis.

Un verso do *Libro da egoísta*, “Taxar a dose exacta entre memoria e esquecemento”, reescríbese neste poemario e resoa a esta altura con nova fasquía: “Taxar o equilibrio perfecto entre movemento e o meu”. Gra-

zas a el conséguese sintetizar o drama da existencia de Pinoccio. As lindes da liberdade individual son cuestionadas a través dos comentarios do propio boneco: “Cando chega o día da actuación e por fin actúo e a cegadora luz dos focos chega mesmo a impedirme ver os fíos da cruceta, podo sentir que bailo coma se fose eu quen bailase”, a voz da súa interlocutora anímao na súa tentativa de facerse máis real: “Baila, Pinoccio, / non temas cando o soño do albedrío da túa danza para/ impulsarte toma formas tan reais”. Mais este boneco, aínda que ten moito de fenómeno da natureza, esperta a tenrura necesaria para garantirse a aceptación dos espectadores e sentirse real.

Chegados a este punto, axeitamos o obxectivo e enfocamos a cuarta parte do libro, o denominado “Núcleo central”. A cerna xorde como unha sucesión de poemas individuais: “Maquillaxe”, “Historia da transformación”, “Promesa”, “Arma” e “Perdón”, abandonados polos versos que xiran arredor da persoal definición da beleza. Mais a viaxe que proporcionan estas páxinas é a da aproximación ao ollo do furacán, á cara agochada da beleza que pecha portas, que agocha, nega e somete. E o paradoxo xorde na contemplación detida desta fotografía de versos. Nela a faciana con máscara, a que perfila os seus trazos con toda sorte de afeites, é a que menos agocha. O poema “Maquillaxe” dá conta de cada un dos instrumentos que contribúen a debuxar a identidade escollida e rexeitada polo contorno, “Eu era un monstro esquecido de min mesma, / pinteiro na miña cara a cara da que vale, / e xorde a revulsión”.

A “Historia da transformación” é un episodio necesario. Ao poemario súmaselle esta composición como unha ollada atrás que ilumina os versos presentes, só posíbel co distanciamento que outorga o paso do tempo; unha regresión sincera e directa ao punto de partida, un patio de colexio de monxas cheo de caras comúns e arelas de ser alguén nun futuro próximo. E a cerna desta confesión en alta voz precipítase cara á promesa de querer ser libremente e de pedir un perdón “cos meus labios máis pequenos” por esa escolla.

A beleza é, pois, “un pechado círculo, un vicio escuro, un remorso”, e a última e quinta parte do libro titulada “Remorsos e outros matices” é a canle pola que discorren os derradeiros versos. Neles aínda hai tempo para reler os contos de fadas e para dubidar das identidades aprendidas. Nada é o que parece, xa que “a carapuchiña é unha loba, / a avoíña un leñador”, “o monstro unha princesa”.

Versos arriscados, fotografados só para quen escolle descubrir imaxes nunca vistas sen ler o pé de foto ou botar man de lentes de aumento. Enfocada e directa, fotografía poética apta para unha contemplación prolongada ■